

Presentación do libro *Variacións nube*. Xoves día 11 de novembro ás vinte horas. Na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Con intervención de Carlos Negro, Teresa Seara e Salvador García-Bodaño.

Coa miña gratitude á Galería Sargadelos que acolle este acto e a Edición A Nosa Terra, agradezo tamén aos meus compañeiros de mesa que tiveron a ben me arroupar neste acto de asumir eu publicamente os froitos do traballo de moitos anos, aínda que de xeito monográfico nestes últimos tres anos, e con toda a humildade polo froito final.

Aproximeime ao longo dos anos nas miñas viaxes polo noso país e polas culturas que amo, aos froitos das nosas belas artes que ao longo dos séculos e da súa dialéctica con outras de outras culturas nos deu un xeito de ser de interpretar o noso lugar no mundo.

E cheguei á conclusión que para eu poder interiorizar as súas ensinanzas humanas, a súa estética e, como consecuencia, a súa ética, non era suficiente a descrición da obra, debía chegar a me comunicar coa alma da cultura, co cerna da cultura que as creou a través de artistas, mulleres e homes concretos en tempos históricos concretos.

Tiña que, por así dicir, chegar a transcender a materia mesma do cadro ou da escultura ou do retábulo e chegar ao ser das personaxes que o habitaban, e así fun entrando eu nunha metamorfose conscente e incoscente, vivindo a miña vida a través da súa, a través da vida das personaxes que habitan nas obras de arte e dos e das creadoras que dun xeito ou de outro tamén habitan nas súas propias obras.

Foron anos e anos de apuntes nos Uffizzi, ou no Heremitaxe ou no Museo Nacional de Atenas ou nas igrexas do noso románico, ou nos museos que hai pola nosa xeografía nacional: de aqueles cadernos de apuntes foron nascendo poemas segundo a miña vida ía tomando o seu camiño ou, dalgún xeito, mentres eu ía lendo e escribindo o Libro do Destino meu e do meu país. Isto é o que homildemente vos ofrezco.

O título vén das variacións que a luz fai na nube, que fai do rostro da terra un rostro humano. Un rostro dun cadro ou dunha escultura varía a súa textura coa luz, e cóela pasa da alegría á tristura ou á tensión da dor.

Que vos sexa tan grato lelo como a min me foi escribilo. Pos en todo caso, como diría o noso amigo Novoneira que hoxe anda a falar polas rúas de Compostela en animada conversa con Manuel María, o único que vos podo garantir so é que, cando menos, é poesía verdadeira.